

RENOVACIÓN. 2022-2023

PRAZO DO 1 AO 31 DE MARZO DE 2022

PARA FACER A RENOVACIÓN (usuarios/as fixos/as actuais dos servizos).

1. USUARIOS/AS CON ACCESO A INTERNET

1-a: Acceder á paxina web do concello: www.concellodeames.gal ou á páxina www.conciliaames.gal coa clave de usuario e contrasinal poderá consultar os datos existentes no departamento de educación, revisar, modificar estes e cubrir a solicitude de renovación. Opcionalmente pódese calcular o custo dos servizos. Este calculo será orientativo e quedará suxeito á comprobación do expediente por parte do departamento de educación. No caso de non ter as citadas claves poderá solicitálas desde a mesma páxina.

1-b: Liquidar as taxas de renovación da matrícula: Solicitar á Recadación Municipal, no enderezo electrónico ames@canaltributos.com, a autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) que vaia renovar (12,00 € por servizo e neno/a).

É condición indispensable o pago das taxas para facer efectiva a renovación.

1-c: Imprimir, asinar e presentar a solicitude de renovación en rexistro.

REXISTRAR A SOLICITUDE: *Sexa cal sexa a opción elixida das tres que se ofrecen a continuación, só se poden presentar copias auténticas¹ ou orixinais da documentación requirida.*

Opción 1: *Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>)*

A solicitude deberá vir asinada electronicamente polos dous proxenitores do usuario/a do servizo, salvo que se ostente a custodia en solitario en cuxo caso só asinará ca súa sinatura electrónica o/a proxenitor/a custodio/a.

Para a comprobación de datos tributarios da unidade familiar é necesario que todos os **membros da unidade familiar maiores de idade** asinen electronicamente a autorización de solicitude de datos tributarios á axencia tributaria do exercicio 2021.

A documentación que se achegue ca solicitude e que o Regulamento estableza que teña que ser un orixinal ou copia compulsada, antes da súa presentación polo rexistro telemático, deberase conseguir unha copia auténtica de dito documento.

Opción 2: *Oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames:*

Deberá presentarse unha copia auténtica da solicitude que deberá estar asinada polos dous proxenitores do usuario/a do servizo salvo que se ostente a custodia en solitario, en cuxo caso só asinará o/a proxenitor/a custodio/a.

1. Terán a consideración de **copia auténtica** dun documento público administrativo ou privado as realizadas, calquera que sexa o seu soporte, polos órganos competentes das Administracións Públicas nas que quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido. As copias auténticas terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais. (Artigo 27.2 LPAC)

Para a comprobación de datos tributarios da unidade familiar é necesario que todos os **membros da unidade familiar maiores de idade** asinen a autorización de solicitude de datos tributarios á axencia tributaria do exercicio 2021.

As oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames están localizadas na casa do Concello en Bertamiráns e nas oficinas municipais do Concello en Milladoiro. Preferentemente, para acudir a ditas oficinas, solicitarase cita previa a través da sede electrónica do Concello de Ames.

Opción 3: Calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

2. USUARIOS/AS QUE NON DISPOÑAN DE ACCESO A INTERNET

Poderán realizar os trámites **1-a** e **1-b** do apartado anterior no Departamento de Educación, situado no Pazo da Peregrina, ou na oficina municipal do Milladoiro, para o que deberán solicitar unha cita no teléfono **981 891 476**.

No día e hora asignado para a cita, será necesario indicar o IBAN, o BIC, e os datos do/a titular da conta, para a domiciliación dos recibos coa finalidade de cubrir o impreso.

Unha vez realizado o trámite 1-a e 1-b deberán realizar o trámite **1-c**, podendo escoller de entre as tres opcións posibles a máis axeitada as súas circunstancias persoais.

Só se entregará a documentación relativa á unidade familiar que non conste no departamento de educación ou non esté debidamente actualizada.

Aquelas persoas que desexen solicitar a **bonificación de taxas** para o curso 2022-2023, terán que presentar a solicitude cando formalicen a renovación, e entregar a documentación que se requira segundo o caso. Poderá consultar a documentación necesaria nas páxinas web sinaladas anteriormente

Para que a renovación sexa efectiva é condición indispensable estar ao día no pagamento dos servizos do Concello de Ames, e en xeral non ter débedas co Concello.

INFORMACIÓN:

NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA). Telf: 981.891.476 ou no correo electrónico educacion@concellodeames.gal

IMPORTANTE:

NON RENOVAR EN PRAZO SUPORÁ A PERDA DA PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO, E POR O TANTO TEN QUE SOLICITAR DE NOVO A PREINSCRICIÓN EN DITO SERVIZO.